

Concello de Cerdido (A Coruña)

As Felgosas, A Barqueira, 15569 Cerdido
Tfno.: 9814 110 00 Fax: 981 411 027
www.cerdido.es correo@cerdido.es

ACTA DA SESIÓN ORDINARIA DA CORPORACIÓN MUNICIPAL DE CERDIDO REUNIDA O DÍA TRINTA E UN DE AGOSTO DE DE DOUS MIL DEZASETE


No salón de plenos do concello de Cerdido, as doce horas e trinta minutos do día trinta e un de agosto de dous mil dezasete reúnense en primeira convocatoria os seguintes concelleiros que se citan a continuación: Rocío Martínez Martínez, Cándido Eusebio Prieto Lago, Marina Tojeiro Martínez, David Prada Aneiros, Ana Rodríguez Montero, Pablo Casas Cibreiro, Juan José Ramos Prieto, José Esmoris Aldao, baixo a Presidencia do alcalde Benigno Galego Castro.

1. Aprobación, se procede, da acta do pleno reunido o día 29/06/2017. Os membros do Pleno por unanimidade dos presentes aprobaron a acta anterior.

2.- Conta xeral do ano 2016. Leida a proposta da Alcaldía do tenor literal seguintes: Unha vez tramitado o expediente da **Conta Xeral de 2016**, informada favorablemente pola Comisión Especial de Contas do día dezanove de maio de 2017 e rematado o prazo de exposición ó público iniciado coa publicación do anuncio no BOP do 25.05.2017, e considerando aplicable a seguinte lexislación: 1.- Artigo 212 do Real Decreto Lexislativo 2/2004, do 5 de marzo polo que se aproba o Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, cómpre someter ó pleno a seguinte proposta: **Primeiro.-** Aprobar a Conta Xeral de 2016 que figura na documentación do expediente e que comprende o Balance, conta de resultado económico patrimonial, estado de liquidación presupostaria e memoria así como anexos da conta, as actas de arqueo das existencia en caixa e certificacións das entidades bancarias, **Segundo.-** Remitirille un exemplar da Conta Xeral ó Consello de Contas de Galicia. Cerdido, 21 de agosto de 2017. O alcalde Benigno Galego Castro. Os membros do Pleno en votación ordinaria e por maioría aprobaron a proposta anterior. Cinco votos a favor dos concelleiros Rocío Martínez Martínez, Cándido Eusebio Prieto Lago, Marina Tojeiro Martínez, David Prada Aneiros, eu voto do Sr alcalde e o catro abstención dos concelleiros Ana Rodríguez Montero, Pablo Casas Cibreiro, Juan José Ramos Prieto, José Esmoris Aldao,

3.- Festivos Locais 2018, Leida a proposta da Alcaldía do tenor literal seguintes. Dada a posibilidade de establecer dous días de cada ano natural como festa locais, segundo establece o artigo 37.2 do Estatuto dos Traballadores esta alcaldía propón ó pleno a aprobación da seguinte proposta: **Primeiro** - Establecer como festivos locais para o ano 2018, os días 13 de febreiro de 2018, (martes de entroido) e o **Segundo-** Remitirille copia deste acordo a Xefatura Territorial da Coruña da Consellería de Traballo e Benestar. Cerdido, 23 de agosto de 2017. O alcalde Benigno Galego Castro. Por unanimidade aprobaron a proposta anterior consensuando como segundo festivo local o día de san Antonio, 13 de xuño de 2018

4. Dar conta dos Decretos da Alcaldía. A secretaria deu lectura a relación de decretos que se transcribe deseguido:



Concello de Cerdido (A Coruña)

As Felgosas, A Barqueira, 15569 Cerdido
Tfno.: 9814 110 00 Fax: 981 411 027
www.cerdido.es correo@cerdido.es

Nº Decreto	Fecha	Asunto
00098/2017	23/06/2017	Decreto de aprobación do contrato menor de pintado do centro social dos Casás
00099/2017	23/06/2017	Alta en el padrón de habitantes en Rioforcado, 7, A Barqueira
00100/2017	23/06/2017	Decreto de convocatoria de pleno ordinario
00101/2017	27/06/2017	Decreto de aprobación dos contratos menores para realizar obras de reparación da ETAP así como a limpeza dos depósitos
00102/2017	28/06/2017	Decreto de contratación do persoal do Programa de integración Laboral da Deputación da Coruña 2017
00103/2017	28/06/2017	Decreto para aprobar a participación do Concello de Cerdido no Plan de mellora de camiños de AGADER 2017-2018
00104/2017	28/06/2017	Autorización para realizar as luminarias de San Pedro o día 28 de xuño de 2017
00105/2017	30/06/2017	Decreto de contratación de persoal dentro do Plan de Integración Laboral da Deputación por renuncia dun traballador
00106/2017	04/07/2017	Relación de recibos do mes de xuño do prezo público pola prestación do SAF
00107/2017	05/07/2017	Decreto de aprobación do contrato menor de obra de acondicionamento do vaso da piscina municipal
00108/2017	05/07/2017	Autorización a Airiños dos Carrís para usar os dous locais do Castro para impartir clases
00109/2017	05/07/2017	Decreto de aprobación do contrato menor de servizos de dilección da obra :Acondicionamento area recreativa O Castro e outros
00110/2017	06/07/2017	Solicitud De Autorización Para Celebrar As Festas Parroquiais De San Martiño
00111/2017	06/07/2017	Tramitación de Decretos aprobación de gastos, facturas 700 a 730 inclusive
00112/2017	18/07/2017	Decreto de aprobación do expediente de contratación da obra :Acondicionamento da Area Recreativa O Castro e outros
00113/2017	21/07/2017	Autorización Para Usar A Casa Da Cultura A Comunidade De Usuarios De Auga De Felgosas
00114/2017	28/07/2017	Autorización para usar as instalacións da Area Recreativa O Castro
00115/2017	28/07/2017	Autorización para usar un local de Avispeira para clases de pintura
00116/2017	01/08/2017	Altas no Padrón Municipal de Habitantes en Porto, 58, A Barqueira



Concello de Cerdido (A Coruña)

	As Felgasas, A Barqueira, 15569 Cerdido Tfno.: 9814 110 00 Fax: 981 411 027 www.cerdido.es correo@cerdido.es	
00117/2017	02/08/2017	Decreto de aprobación dos gastos derivados do convenio de colaboración co Concello de Valdoviño para compartir os servizos do arquitecto municipal
00118/2017	07/08/2017	Recibos correspondentes ó mes de xullo do 2017 do prezo público pola prestación do servizo de axuda no fogar
00119/2017	07/08/2017	Tramitación de Decretos aprobación de facturas núm. 731 a 829 de 2017
00120/2017	09/08/2017	Decreto de aprobación do expediente de rexeneración de crédito 05/2017
00121/2017	10/08/2017	Alta no padrón de habitantes en Chao, 11, Cerdido
00122/2017	16/08/2017	Alta a anotar no padrón municipal de habitantes en Agreste, 1, Os Casás
00123/2017	17/08/2017	Decreto de aprobación do contrato menor de dirección das obras: Camiño Rego da Madeira ao limite co Concello (Os Casas) e outros Camiño Felgasas a Casaldaia de arriba (A Barqueira) e outros
00124/2017	17/08/2017	Adxudicación do contrato de obra :Camiño Rego da madeira ao limite co Concello (Os Casás)
00125/2017	17/08/2017	Adxudicación do contrato de obra :Camiño Felgasas a Casaldaia de arriba (A Barqueira) e outros
00126/2017	18/08/2017	Alta no Padrón de habitantes en Moutillón 4, A Barqueira
00127/2017	21/08/2017	Complemento de antigüidade a traballadores municipais
00128/2017	21/08/2017	Certificación núm.1 da obra :Mellora de saneamento en Abruñeiros
00129/2017	23/08/2017	Convocatoria do pleno ordinario


5. Rogos e preguntas .

A concelleira **Ana Rodríguez Montero** realiza as seguintes preguntas e rogos :

Manifesta que a redacción do Decreto 124/2017 , é errónea e debería dicir que a obra vai ata o límite do concello e no co concello

Solicita información sobre si xa se comprou a parcela para o saneamento en Abruñeiros . O alcalde contéstalle que aínda non se mercou nada e que o proxecto de obra que esta contrato , modificouse para excluír ese investimento ata poder mercar a parcela

Solicita información sobre 400 metros que tiñan que están con aglomerado na Cruz de Casaldaia e pregunta si a obra esta xa feita . Así mesmo solicita información se a pista de Casaldaia que esta en zorra se reparou o ano pasado . Solicita o acceso a documentación destes proxectos



Concello de Cerdido (A Coruña)

As Felgosas, A Barqueira, 15569 Cerdido
Tfno.: 9814 110 00 Fax: 981 411 027
www.cerdido.es correo@cerdido.es

O Alcalde explica que a obra que esta feita é de Cruz de Casaldaia ata o muíño , que a obra que se contratou agora que se chama de Felgosas a Casaldaia de arriba ,supón a reparación da pista dende Cruz de Casaldaia ata a casa de Echeverria e que, noutro proxecto, que foi incluído no POS 2017 + e que aínda non está contratado, van os 400 metros dende casa Echeverria ata Cruz de Casaldaia . A pista de zahorra limpouse o ano pasado pero non se reparou . Así mesmo invita a concelleira a ver os proxectos de obra ao rematar o pleno .

Pon de manifesto que falta un sinal de Stop na pista do repetidor .

Solicita información de porque non se fixo o programa de Recrearte . O alcalde explica que fai uns anos que a xente non acude , o ano pasado e segundo as estadísticas solo foron catro persoas , pensouse facer doutra maneira os fins de semana

Solicita información sobre si falta moito para a apertura da piscina . O alcalde explica que se pretende abrir o día once de setembro

O concelleiro **Pablo Casas Cibreiro** realiza os seguintes rogos e preguntas

Hai un can nas Seixas solto, non se pode ir a coller dalgunha maneira, dándolle algún tranquilizante ? O alcalde explica que se intentou coller de varias maneiras pero o can escapa , falouse cos veciños pero non hai maneira de collelo

Levamos varios días sen agua , cal é motivo ? O alcalde explica que hai rotura na rede de abastecemento que obrigan a cortar a auga para reparala , ultimamente houbo varias averias na Campeira

O concelleiro **José Esmoris Aldao** realiza as seguintes preguntas

Cando se apagou o alumado publico alternativamente para aforrar , houbo moitas críticas , agora que xa levades dous anos , cal é o motivo para que non se volva a acender ?

Antes solicitabais un buzón de queixas para que a xente de forma anónima puidera facer reclamacións, porque non se puxo ata agora ? O alcalde anuncia que se vai a poñer

E , non habendo mais asuntos que tratar , a Presidencia levantou a sesión sendo as trece horas do día trinta e un de agosto de 2017. Do que eu como secretaria dou fe .

Documento asinado electronicamente pola Alcaldía e por Secretaría